



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO INVESTIMENTO DE “REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURAIIS”

Na Casa do Concello de A Illa de Arousa, sendo as doce horas do día dezaseis de xullo de dous mil dezaioito, reúnese a Mesa de Contratación para a adxudicación do investimento de “REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURAIIS”, presidida polo Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Iglesias Cores, asistindo como vocais os Concelleiros D. Alfonso Salgado Alonso, Dna. Rosa María Viana Rodríguez, D. Juan José González Vázquez, o Secretario-Interventor D. Daniel Angel Lamas Bello, a Arquitecta municipal Dna. Pastora Parada Portas, e actuando como secretario o funcionario D. Xoán Manuel Dopico Orjales.

Unha vez constituída a Mesa o secretario certifica as entidades que presentaron a súa oferta, que son:

- ACCIONA CONSTRUCCIÓN SA – CONSTRUCCIONES RAMÍREZ SLU: Rexistro de entrada nº 2284 de 09 de xullo de 2018.
 - CONSTRUCCIONES ABAL SA: Rexistro de entrada nº 2287 de 09 de xullo de 2018.
 - UTE CONSTRUCCIONES OREGA SL – COVIASSTEC SL: Rexistro de entrada nº 2291 de 09 de xullo de 2018.
 - PRECONTE CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL: Rexistro de entrada nº 2299 de 09 de xullo de 2018.
 - COPCISA SA: Rexistro de entrada nº 2290 de 09 de xullo de 2018.
- stro de entrada nº 167 e 168 de 15 de xaneiro de 2018 (fax nº 137 de 12 de xaneiro de 2018).

A continuación procédese á apertura do sobre A relativo á documentación administrativa.

De acordo ca cláusula 19ª do prego de cláusulas administrativas particulares, unha vez cualificada a documentación administrativa “a mesa de contratación, en acto público, sinalará as ofertas cualificadas como admitidas e as inadmitidas, e procederá á apertura dos sobres B, correspondentes á documentación técnica valorable mediante criterios non avaliábles mediante fórmulas.

Tras a lectura de devanditas proposicións, esta documentación trasladarase ó equipo técnico redactor do proxecto, que a avaliarán e a poderarán segundo ós criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.”

Procede neste intre o acto público para declarar a admisión ou inadmisión das propostas presentadas así como para a apertura e lectura dos sobres B correspondentes á documentación técnica valorable mediante criterios non avaliábles mediante fórmulas.

A continuación a mesa de contratación acorda por unanimidade declarar admitidas as seguintes proposicións:

- ACCIONA CONSTRUCCIÓN SA – CONSTRUCCIONES RAMÍREZ SLU.
- CONSTRUCCIONES ABAL SA.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 – Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

- UTE CONSTRUCCIONES OREGA SL – COVIASSTEC SL.
- PRECONTE CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL.
- COPCISA SA.

Unha vez leídas as propostas contidas nos sobres B, correspondentes á documentación técnica valorable mediante criterios non avaliábles mediante fórmulas, a mesa de contratación acorda por unanimidade a súa remisión ó equipo técnico redactor do proxecto para a súa valoración e ponderación segundo ós criterios e ás ponderacións establecidas no Prego.

Non habendo máis asuntos que tratar e sendo as trece horas do día da data levántase a sesión, da que eu como secretario dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO DA MESA

OS VOCAIS

